



ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL SESIÓN ORDINARIA DO 2 DE FEBREIRO DE 2017

ASISTENTES:

Alcalde- Presidente:

D. José Luis Oujo Pouso.

Concelleiros:

D^a. María José Maneiro Quintáns.

D. José Manuel Deán Pouso.

D^a. M^a Magdalena Pérez Millares.

D. Antonio Romero Ribeiro.

Secretario:

D. José Manuel González García.

Na Alcaldía- Presidencia da **Casa do Concello** de Porto do Son, sendo as **10:30 horas** do día **2 febreiro de 2017**, reúnese a Xunta de Goberno Local en **sesión ordinaria**, baixo a presidencia do Alcalde- Presidente, D. José Luis Oujo Pouso, coa asistencia dos Sres. concelleiros que se relacionan á marxe.

A Xunta de Goberno Local está asistida polo secretario da Corporación, D. José Manuel González García, que dá fe do acto.

Unha vez comprobada polo secretario a válida constitución da Xunta de Goberno Local, posto que asisten a maioría absoluta dos seus integrantes, o Sr. Alcalde- Presidente abre a sesión.

De seguido, a Xunta de Goberno Local procede á deliberación e votación dos asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA**, e que se relacionan a continuación:

1.- APROBACIÓN DE ACTAS.

1.1.- Acta do 20/01/2017.

2.- LICENZAS URBANÍSTICAS E DE ACTIVIDADE.

2.1.- Licenza de obra. Expediente 33/2016.

2.2.- Licenza de obra. Expediente 112/2016.

2.3.- Licenza de obra. Expediente 227/2016.

2.4.- Licenza de obra. Expediente 239/2016.

2.5.- Comunicacóns previas de obra.

2.6.- Aceptación de cesión para ampliación de vías. Expediente 194/2016.

3.- REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA.

3.1.- Execución forzosa de expediente de reposición da legalidade urbanística.

3.2.- Inicio de procedemento sancionador en materia de urbanismo.

3.3.- Inicio de procedemento para a declaración de ineficacia de comunicacón previa de actividade.

4.- ASISTENCIA PERMANENTE AO ALCALDE NO EXERCICIO DAS SÚAS ATRIBUCIÓN.



1. APROBACIÓN DE ACTAS.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, **APROBA** a acta correspondente a sesión extraordinaria do 20 de xaneiro de 2017.

2. LICENZAS URBANÍSTICAS E DE ACTIVIDADE.

A Xunta de Goberno Local, órgano competente para a adopción deste acordo de conformidade coa delegación de competencias efectuada mediante o decreto núm. 406/2015, do 18 de xuño, imponlle ás **licenzas e ás comunicacións previas urbanísticas**, as seguintes **condicións xerais**, de obrigado cumprimento:

1/ As licenzas outórgase **sen prexuízo de terceiros**, deixando a **salvo o dereito de propiedade** e doutras autorizacións administrativas, sen que se poida invocar a licenza para excluír ou dirimir a responsabilidade civil ou penal na que incorreran os beneficiarios no exercicio das súas actividades.

2/ No caso de ser imprescindible a **ocupación da vía pública**, debe obterse a preceptiva licenza municipal de ocupación de vía pública e, unha vez rematada a obra, deberán repoñerse os desperfectos que se causaran á vía.

3/ Faise advertencia expresa que na execución das obras deberán adoptarse as **medidas que en materia de seguridade e saúde no traballo** veñan esixidas pola normativa na materia en vigor, especialmente no Real Decreto 1627/1997, de 14 de marzo.

4/ **Finalizadas as obras** debe comunicarse ao concello esta circunstancia a fin de efectuar as comprobacións pertinentes, así como a **liquidación definitiva de tributos** e outorgamento das licenzas que procedan.

5/ **Prazo de execución**: a obra debe iniciarse no prazo máximo de 6 meses dende a notificación do outorgamento da licenza e deberá estar rematada no prazo máximo de 3 anos, a contar dende esa mesma data, non sendo posible interromper as obras por tempo superior a 6 meses.

No caso de tratarse de obras menores, o prazo non poderá exceder de 3 meses para o inicio e de 12 meses para o remate, non podendo interromperse por tempo superior a 6 meses.

6/ As obras deben realizarse coas debidas condicións de **seguridade e solidez**.

7/ En caso de perda de vixencia das **autorizacións sectoriais pertinentes** deberán renovarse non sendo posible a continuación das obras sen cumprir este trámite.

8/ Nas obras que se **executasen con inobservancia das condicións da licenza ou comunicación** serán sancionadas por **infracción urbanística** as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, así como os técnicos redactores do proxecto e directores das obras. Neste sentido, todo técnico, polo só feito de asinar unha solicitude de licenza de obra, declara coñecer as condicións que se esixen e a normativa urbanística aplicable ao Concello de Porto do Son, aceptando as responsabilidades que se deriven da súa aplicación.

Os arquitectos directores das obras son responsables mancomunadamente cos propietarios, das infraccións das normas urbanísticas sempre que ao advertir calquera circunstancia pola que se aparten das condicións en que se concedan as licenzas, non o comuniquen por escrito ao Concello.



9/ Será requisito indispensable en tódalas obras dispor ao pé da obra de **copia da licenza ou comunicación previa**, e **nas obras maiores do cartel indicador** no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, número de plantas autorizadas, prazo de execución das obras, data de outorgamento da licenza e o número de expediente.

10/ De ser oportuno, recórdase ao solicitante que antes do comezo das obras deberá solicitar ao Concello a **acta de comprobación de aliñacións**.

11/ No caso de obra maior, finalizadas as obras deberá solicitar a oportuna **licenza de primeira ocupación**, de conformidade co sinalado na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

12/ Debe darse cumprimento ao Decreto 105/2008, de 1 de febreiro, polo que se regula a **producción e xestión dos residuos de construción e demolición**. O artigo 4, relativo ás Obrigas do produtor de residuos de construción e demolición, apartado c, sinala: “*dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos na súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado, nos termos recollidos neste Real Decreto, e, en particular, no estudo de xestión de residuos na obra o nas súas modificacións. A documentación correspondente a cada ano natural deberá manterse durante os cinco anos seguintes.*”

13/ Debe respectarse o establecido no artigo 91 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, isto é, as construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas, polo que:

- A tipoloxía das construcións e os materiais e cores empregados deberán favorecer a integración no entorno inmediato e na paisaxe.
- As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.

2.1) LICENZA DE OBRA. EXPEDIENTE 33/2016.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

“Visto que D. J** solicitou en data 12/02/2016 (r.e. 845) licenza municipal para “**parcelación**” dunha finca situada no “Agro da Hornanda”, “Outeiro Rubio” e “Subián”, coa referencia catastral 15072A001036450000PY segundo o estudo de parcelación redactado polo enxeñeiro técnico forestal D. L** de data decembro de 2016.

Vista a documentación que obra no expediente administrativo nº **33/2016** e, en particular, o informe dos servizos técnicos municipais de data 24/01/2017 e o informe de Secretaría de data 31/01/2017.

Considerando o establecido no art. 143 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia sobre o procedemento de outorgamento das licenzas urbanísticas.

ACORDA:

PRIMEIRO.- Conceder a D. J** a licenza municipal solicitada para “**parcelación de finca**” no “Agro da Hornanda”, “Outeiro Rubio” e “Subián”, coa referencia catastral 15072A001036450000PY, segundo o estudo de parcelación redactado polo enxeñeiro técnico forestal D.L** de data decembro de 2016, condicionada en todo momento ao cumprimento das prescricións xerais das normas urbanísticas de aplicación e ás condicións que se detallan a continuación:



Obxecto da solicitude:

Preséntase o estudo de parcelación- agrupación, na que se parcela a finca con referencia catastral 15072A001036450000PY cunha superficie de 2.945,00 m² para agrupala á finca cuxa referencia catastral é 15072A001031840000PX. Ao abeiro do artigo 150.2 da LSG parcelarase a finca matriz, de xeito que unha das fincas resultantes se agrupe a unha finca lindeira, co que non se modifica o número de parcelas orixinais.

Clasificación urbanística do solo:

Segundo o plano nº Serie O-3, folia 3-Q do PXOM, os terreos onde se propón a parcelación- agrupación están clasificados como **solo de núcleo rural de tipo básico común de grao 2**.

Condições urbanísticas das parcelas:

Finca matriz (edificada):

PARÁMETRO	PXOM	PROXECTO
Parcela mínima	600m ²	2.945,00m ²
Edificabilidade	0,35m ² /m ²	0,045m ² /m ²
Ocupación	40%	6,58%
Recuamento a lindes	3,00m	> 3,00m
Aliñacións	As grafitadas nos planos escala 1:2000 4m dende o eixe do viario	> 4m dende o eixe do viario
Fronte mínima	9m	>9,00m

Terreo parcelado da finca matriz (sen edificar):

PARÁMETRO	PXOM	PROXECTO
Parcela mínima	600m ²	505,00m ²
Edificabilidade	0,35m ² /m ²	-
Ocupación	40%	-
Recuamento a lindes	3,00m	-
Aliñacións	As grafitadas nos planos escala 1:2000 4m dende o eixe do viario	> 4m dende o eixe do viario
Fronte mínima	9m	>17,57m e 14,99m

O terreo parcelado da finca matriz agruparase á finca lindeira cuxa referencia catastral é 15072A001031840000PX

Fincas resultantes:

Resto de finca matriz:

PARÁMETRO	PXOM	PROXECTO
Parcela mínima	600m ²	2.440,00m ²
Edificabilidade	0,35m ² /m ²	0,055m ² /m ²
Ocupación	40%	7,95%
Recuamento a lindes	3,00m	> 3,00m



Aliñacións	<i>As grafitadas nos planos escala 1:2000 4m dende o eixe do viario</i>	> 4m dende o eixe do viario
Fronte mínima	9m	>9,00m

Parcela agrupada:

PARÁMETRO	PXOM	PROXECTO
Parcela mínima	600m ²	1.967,00m ²
Aliñacións	<i>As grafitadas nos planos escala 1:2000 4m dende o eixe do viario</i>	> 4m dende o eixe do viario
Fronte mínima	9m	>9,00m

Cesión a viario:

Non procede cesión a viario, dado que a propiedade privada non invade terreos fóra de aliñacións

Condicións particulares:

- A parcelación axustarase ao estudo de parcelación presentado, asinado por D. Luis M. Fernández Castro, visado número 160957 de data 16.12.2016.
- A parcelación da finca matriz está ligada á posterior agrupación coa finca de referencia catastral 15072A001031840000PX. De non facerse a agrupación a parcelación carece de validez en base ao artigo 150.2 da Lei 2/2016 do Solo de Galicia.
- As fincas resultantes responden aos seguintes parámetros:

Resto de finca matriz:

PARAMETRO	PXOM	PROXECTO
Parcela mínima	600m ²	2.440,00m ²
Edificabilidade	0,35m ² /m ²	0,055m ² /m ²
Ocupación	40%	7,95%
Recuamento a lindes	3,00m	> 3,00m
Aliñacións	<i>As grafitadas nos planos escala 1:2000 4m dende o eixe do viario</i>	> 4m dende o eixe do viario
Fronte mínima	9m	>9,00m

Parcela agrupada:

PARÁMETRO	PXOM	PROXECTO
Parcela mínima	600m ²	1.967,00m ²
Aliñacións	<i>As grafitadas nos planos escala 1:2000 4m dende o eixe do viario</i>	> 4m dende o eixe do viario
Fronte mínima	9m	>9,00m

SEGUNDO.- Ordenar ao solicitante o íntegro cumprimento das **cláusulas xerais** de aplicación a todas as licenzas de obra.



TERCEIRO.- Aprobar a liquidación tributaria definitiva da taxa de tramitación, imputando o recoñecemento do dereito aos conceptos orzamentarios correspondentes, relativa ao expediente arriba referenciado, que a continuación se indica:

Taxa de tramitación	
Taxa pagada	00,00 €
Taxa definitiva	353,40 €
Pendente de pago	353,40 €

CUARTO.- Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables.

2.2) LICENZA DE OBRA. EXPEDIENTE 112/2016.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

“Visto que D. L** solicitou en data 13/06/2016 (r.e. 3870) licenza municipal para “**construción de vivenda unifamiliar**” no lugar de As Laxes, parroquia de Noal, coas referencias catastrais 15072A50105079000OP, 15072A501050800000OG, 15072A501050810000OQ, segundo o proxecto básico modificado II redactado polo arquitecto D. A** de data xuño de 2016.

Vista a documentación que obra no expediente administrativo nº **112/2016** e, en particular, o informe dos servizos técnicos municipais de data 27/01/2017 e o informe de Secretaría de data 01/02/2017.

Visto que en data 31/01/2017 se formalizou a cesión dos terreos da parcela situados fóra das aliñacións establecidas polo Plan Xeral.

Considerando o establecido no art. 143 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia sobre o procedemento de outorgamento das licenzas urbanísticas.

ACORDA:

PRIMEIRO.- Conceder a D. L** a licenza municipal solicitada para “**construción de vivenda unifamiliar**”, no lugar de As Laxes, parroquia de Noal, coas referencias catastrais 15072A50105079000OP, 15072A501050800000OG, 15072A501050810000OQ, segundo o proxecto básico modificado II redactado polo arquitecto D. A** de data xuño de 2016, condicionada en todo momento ao cumprimento das prescricións xerais das normas urbanísticas de aplicación e ás condicións que se detallan a continuación:

Clasificación urbanística do solo:

Segundo o plano nº Serie O-3, folla 12-K do PXOM, a parcela na que se proxecta a edificación está clasificada como **Solo de núcleo rural de tipo básico común de grao 2.**

Condicións Particulares:

PARÁMETRO	PXOM	PROXECTO
-----------	------	----------



Fronte de parcela	9m	22,96m
Superficie de parcela	600m ²	820,96m ²
Edificabilidade	0,35m ² /m ²	0,26m ² /m ²
Ocupación	40%	17%
Liña de edificación	≥ 4m dende aliñación	>4,57m
Aliñación	s/plano	s/plano
Recuado a lindeiros	3m	3,40m, >3,00m
Altura máxima sobre rasante	7m	7,00m
Altura máxima permitida	8m	7,00m
Altura máxima do cumio	3,60	-
Pendente máxima da cuberta	35°	19°
Superficie de cesión	Segundo aliñación	27,60m ²

- As obras axustaranse ao proxecto básico de data 6.2016, modificado polo proxecto básico modificado II de data xaneiro 2017, asinado polo arquitecto D. Amancio Losada Vicente, Colexiado número 1.463.
- O servizo de abastecemento de auga resólvese mediante conexión á rede municipal, debendo esixirse compromiso de conexión.
- O servizo de saneamento resólvese por medios individuais con cargo ao promotor, debendo esixirse compromiso de conexión cando se implanten os servizos.
- Deberá formalizarse a cesión dos terreos fóra de aliñacións
- No caso que durante a execución das obras prodúzanse danos na vía pública, esta repoñeráse ao estado no que estaba antes do inicio das mesmas.
- En ningún caso se poderán levar a cabo movementos de terras que excedan dos imprescindibles para levar a cabo as obras recollidas no proxecto e as súas modificacións.
- As obras axustaranse a tódalas normativas técnicas, urbanísticas, de salubridade, seguridade e medioambientais de aplicación.
- Con carácter previo ao inicio das obras deberá achegar ao Concello o proxecto de execución, estudo ou estudo básico de seguridade e saúde, e nomeamento de dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde.

O promotor deberá achegar o proxecto de execución nun prazo de 3 meses, a contar desde a notificación desta resolución, segundo o previsto no art. 12.1 do Anexo de tramitación de licenzas do PXOM.

SEGUNDO.- Ordenar ao solicitante o íntegro cumprimento das **cláusulas xerais** de aplicación a todas as licenzas de obra.

TERCEIRO.- Aceptar a cesión do solo da parcela situado fóra da aliñación marcada polo PXOM formalizada no documento administrativo de data 31/01/2017.



CUARTO.- Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras e a liquidación tributaria definitiva da taxa de tramitación, imputando o recoñecemento do dereito aos conceptos orzamentarios correspondentes, relativa ao expediente arriba referenciado, que a continuación se indica:

Base imponible ICIO: orzamento	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO	Taxa de tramitación		PENDENTE PAGO
			Taxa pagada		
137.349,30 euros	2,7%	3.708,43 euros	Taxa pagada	700,76 €	3.694,42 euros
			Taxa definitiva	686,75 €	
			Liquidación	-14,01 €	

QUINTO.- Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables.

2.3) LICENZA DE OBRA. EXPEDIENTE 227/2016.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

“Visto que D. P** solicitou en data 20/09/2016 (r.e6209) licenza municipal para “**parcelación de finca**” no lugar de Grandemaior – Xuño, coa referencia catastral 000300600MH91H0001QM, segundo o estudio de segregación de parcelas redactado polo arquitecto técnico D. A** de data decembro de 2016.

Vista a documentación que obra no expediente administrativo nº **227/2016** e, en particular, o informe dos servizos técnicos municipais de data 24/01/2017 e o informe de Secretaría de data 01/02/2017.

Considerando o establecido no art. 143 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia sobre o procedemento de outorgamento das licenzas urbanísticas.

ACORDA:

PRIMEIRO.- Conceder a D. P** a licenza municipal solicitada para “**parcelación de finca**”, no lugar de Grandemaior- parroquia de Xuño”, coa referencia catastral 000300600MH91H0001QM segundo o estudio de segregación de parcelas redactado polo arquitecto técnico D. A** de data decembro de 2016, condicionada en todo momento ao cumprimento das prescricións xerais das normas urbanísticas de aplicación e ás condicións que se detallan a continuación:

Obxecto da solicitude:

Preséntase o proxecto de parcelación da finca con referencia catastral 000300600MH91H0001QM cunha superficie de 5.511,00 m². Trala parcelación obtéñense tres parcelas que se nomean “Parcela segregada 1” cunha superficie de 1.200m², “Parcela segregada 2” cunha superficie de 1.200,00m² e “Parcela primitiva resultante” cunha superficie de 3.111m².

Clasificación urbanística do solo:

Segundo o plano nº Serie O-3, folia 35-F do PXOM, a parcela que se pretende parcelar está clasificada como **solo de núcleo rural de tipo básico común de grao 4.**



Condições urbanísticas das parcelas:

Finca matriz (edificada):

PARÁMETRO	PXOM (NRC4)	PROXECTO
Parcela mínima	1.200m ²	5.511,00m ²
Edificabilidade	0,20m ² /m ²	0,05m ² /m ²
Ocupación	20%	4%
Recuamento a lindes	3,00m	> 3,00m
Aliñacións	As grafitadas nos planos escala 1:2000 4m dende o eixe do viario	> 4m dende o eixe do viario
Fronte mínima	15m	>9,00m

Fincas resultantes:

Parcela segregada 1 (sen edificar):

PARÁMETRO	PXOM (NRC4)	PROXECTO
Parcela mínima	1.200m ²	1.200,00m ²
Edificabilidade	0,20m ² /m ²	-
Ocupación	20%	-
Recuamento a lindes	3,00m	-
Aliñacións	As grafitadas nos planos escala 1:2000 4m dende o eixe do viario	> 4m dende o eixe do viario
Fronte mínima	15m	>9,00m

Parcela segregada 2 (sen edificar):

PARÁMETRO	PXOM (NRC4)	PROXECTO
Parcela mínima	1.200m ²	1.200,00m ²
Edificabilidade	0,20m ² /m ²	-
Ocupación	20%	-
Recuamento a lindes	3,00m	-
Aliñacións	As grafitadas nos planos escala 1:2000 4m dende o eixe do viario	> 4m dende o eixe do viario
Fronte mínima	15m	>9,00m

Parcela primitiva resultante (edificada):

PARÁMETRO	PXOM (NRC4)	PROXECTO
Parcela mínima	1.200m ²	3.111,00m ²
Edificabilidade	0,20m ² /m ²	0,1 m ² /m ²
Ocupación	20%	7%
Recuamento a lindes	3,00m	> 3m
Aliñacións	As grafitadas nos planos escala 1:2000 4m dende o eixe do viario	> 4m dende o eixe do viario
Fronte mínima	15m	>9,00m



Cesión a viario:

Non procede cesión a viario, dado que a propiedade privada non invade terreos fóra de aliñacións

Condições particulares:

- A parcelación axustarase ao estudo de segregación presentado, asinado por D. Andrés Fernández Fuentes en data decembro de 2016.
- As fincas resultantes respondes aos seguintes parámetros:

Parcela segregada 1 (sen edificar):

PARÁMETRO	PXOM (NRC4)	PROXECTO
Parcela mínima	1.200m ²	1.200,00m ²
Aliñacións	As grafitadas nos planos escala 1:2000 4m dende o eixe do viario	> 4m dende o eixe do viario
Fronte mínima	15m	>9,00m

- Parcela segregada 2 (sen edificar):

PARÁMETRO	PXOM (NRC4)	PROXECTO
Parcela mínima	1.200m ²	1.200,00m ²
Aliñacións	As grafitadas nos planos escala 1:2000 4m dende o eixe do viario	> 4m dende o eixe do viario
Fronte mínima	15m	>9,00m

Parcela primitiva resultante (edificada):

PARÁMETRO	PXOM (NRC4)	PROXECTO
Parcela mínima	1.200m ²	3.111,00m ²
Edificabilidade	0,20m ² /m ²	0,1 m ² /m ²
Ocupación	20%	7%
Recuamento a lindes	3,00m	> 3m
Aliñacións	As grafitadas nos planos escala 1:2000 4m dende o eixe do viario	> 4m dende o eixe do viario
Fronte mínima	15m	>9,00m

SEGUNDO.- Ordenar ao solicitante o íntegro cumprimento das **cláusulas xerais** de aplicación a todas as licenzas de obra.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación tributaria definitiva da taxa de tramitación, imputando o recoñecemento do dereito aos conceptos orzamentarios correspondentes, relativa ao expediente arriba referenciado, que a continuación se indica:

Taxa de tramitación	
Taxa pagada	661,32 €
Taxa definitiva	661,32€
Pendente de pago	00,00 €



CUARTO.- Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables.

2.4) LICENZA DE OBRA. EXPEDIENTE 239/2016.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

“Visto que D. I** solicitou en data 07/10/2016 (r.e. 6651) licenza municipal para “**construción de garaxe**” na vivenda situada no lugar de Cabeiro – Noal, coa referencia catastral 15072A004006260000PA, segundo o proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto D. J** de data xuño de 2016.

Vista a documentación que obra no expediente administrativo nº **239/2016** e, en particular, o informe dos servizos técnicos municipais de data 26/01/2017 e o informe de Secretaría de data 01/02/2017.

Considerando o establecido no art. 143 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia sobre o procedemento de outorgamento das licenzas urbanísticas.

ACORDA:

PRIMEIRO.- Conceder a D. I** a licenza municipal solicitada para “**construción de garaxe**” na parcela situada no lugar de Cabeiro, parroquia de Noal, coa referencia catastral 15072A004006260000PA, segundo o proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto D. J** de data xuño de 2016, condicionada en todo momento ao cumprimento das prescricións xerais das normas urbanísticas de aplicación e ás condicións que se detallan a continuación:

Obxecto da solicitude:

Preséntase solicitude de licenza de obras para a construción dun garaxe en solo clasificado no vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal como Solo de Núcleo Rural, tipo básico Común grao 2.

Clasificación urbanística do solo:

Segundo o plano nº Serie O-3, folia 12-L do PXOM, a parcela na que se proxecta a edificación está clasificada como **Solo de núcleo rural de tipo básico común de grao 2.**

Condicións Particulares:

PARÁMETRO	PXOM	PROXECTO
Fronte de parcela	9m	20,40m
Superficie de parcela	600m ² <i>Ainda cando non cumpran as condicións de superficie mínima do apartado a) anterior, poderase admitir tamén cando estean xa construídas as parcelas medianeiras e/ou non existan parcelas limítrofes que poidan incorporar.</i>	480,00m ² Non existen parcelas limítrofes que se poidan incorporar
Edificabilidade	0,35m ² /m ²	0,21m ² /m ²
Ocupación	40%	21%
Liña de edificación	≥ 4m dende aliñación	>13,18m
Aliñación	s/plano	s/plano



CONCELLO DE PORTO DO SON

Rúa Atalaia s/n. 15970
Porto do Son (A Coruña)
CIF: P1507200B
Tfno: 981-867412
Fax: 981-767358

Recuado a lindeiros	3m	3,00m, >3,00m
Altura máxima sobre rasante	7m	3,05m
Altura máxima permitida	8m	3,05m
Altura máxima do cumio	3,60	-
Pendente máxima da cuberta	35º	<35º
Superficie de cesión	Segundo aliñación	Non procede

- As obras axustaranse ao proxecto básico presentado visado número 1606015,1 en data 04.01.2016 e documentación complementaria presentada con rexistro de entrada no Concello número 8211 de 20 de decembro de 2016, asinado polo arquitecto D. José María Ucha Dolz del Castellar.
- O servizo de abastecemento de auga resólvese mediante conexión á rede municipal.
- O servizo de saneamento resólvese por medios individuais con cargo ao promotor, debendo esixirse compromiso de conexión cando se implanten os servizos.
- No caso que durante a execución das obras prodúzanse danos na vía pública, esta repoñerase ao estado no que estaba antes do inicio das mesmas.
- En ningún caso se poderán levar a cabo movementos de terras que excedan dos imprescindibles para levar a cabo as obras recollidas no proxecto e as súas modificacións.
- As obras axustaranse a tódalas normativas técnicas, urbanísticas, de salubridade, seguridade e medioambientais de aplicación.
- Con carácter previo ao inicio das obras deberá achegar ao Concello o proxecto de execución, estudio ou estudio básico de seguridade e saúde, e nomeamento de dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde

O promotor deberá achegar o proxecto de execución nun prazo de 3 meses, a contar desde a notificación desta resolución, segundo o previsto no art. 12.1 do Anexo de tramitación de licenzas do PXOM.

SEGUNDO.- Ordenar ao solicitante o íntegro cumprimento das **cláusulas xerais** de aplicación a todas as licenzas de obra.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras e a liquidación tributaria definitiva da taxa de tramitación, imputando o recoñecemento do dereito aos conceptos orzamentarios correspondentes, relativa ao expediente arriba referenciado, que a continuación se indica:

Base imponible ICIO: orzamento	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO	Taxa de tramitación		PENDENTE PAGO
			Taxa pagada		
25.566,60 euros	2%	511,33 euros	Taxa pagada	63,92 €	511,33 euros
			Taxa definitiva	63,92 €	
			Liquidación	00,00 €	



CUARTO.- Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables.

2.5) COMUNICACIÓNS PREVIAS DE OBRA.

2.5.1.- Expediente nº 273/2016.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento e declarar completa a comunicación previa presentada por D^a. M** o 28/12/2016 (r.e. 8378) para realizar obras de “**construción de muro de peche**” da parcela situada no lugar de Seara – Caamaño, coas referencias catastrais 530317MH9273S0000KX e 7530316MH9273S0000OX.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), imputando o recoñecemento do dereito ao concepto orzamentario correspondente, e requirir o pago ao obrigado tributario:

Base imponible ICIO (Orzamento execución material)	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO
6.689,00 euros	2%	133,78 euros

TERCEIRO.- Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, Instalacións e Obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

CUARTO.- Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.

2.5.2.- Expediente nº 240/2016.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento e declarar completa a comunicación previa presentada pola Comunidade de propietarios do Edificio Portosín bloque 3 o 11/10/2016 (r.e. 6738) para realizar obras de “**reparación do tellado**” do inmovible situada na Praza do Curro, 12- Portosín, coa referencia catastral 4343604NH0444S.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), imputando o recoñecemento do dereito ao concepto orzamentario correspondente, e requirir o pago ao obrigado tributario:

Base imponible ICIO (Orzamento execución material)	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO
1.668,00 euros	2%	33,36 euros



TERCEIRO.- Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base impoñible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, Instalacións e Obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

CUARTO.- Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.

2.5.3.- Expediente nº 4/2017.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento e declarar completa a comunicación previa presentada por Comunidade de Propietarios Buenos Aires 18 o 12/01/2017 (r.e. 198) para realizar obras de “**impermeabilización de terraza**” do inmovible situada na rúa Bos Aires, 20 – Porto do Son, coa referencia catastral 9806604MH9390N.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), imputando o recoñecemento do dereito ao concepto orzamentario correspondente, e requirir o pago ao obrigado tributario:

Base impoñible ICIO (Orzamento execución material)	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO
2.750,00 euros	2%	55,00 euros

TERCEIRO.- Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base impoñible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, Instalacións e Obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

CUARTO.- Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.

2.6) ACEPTACIÓN DE CESIÓN PARA AMPLIACIÓN DE VÍAS. EXPEDIENTE 194/2016.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

“Visto que D. M** solicitou en data 17/08/2016 (r.e. 5522) licenza municipal para “**parcelación**” da finca situada no lugar da Telleira, s/n- Boiro – Miñortos, coa referencia catastral 15072A001032310000PY, e que en data 08/11/2016 asinou o documento administrativo de cesión de viais en solo de núcleo rural, polo que lle cede ao Concello de Porto do Son unha superficie de 51,00 m2 da parcela citada.



Visto que a Xunta de Goberno Local, na sesión do 17/11/2016, lle outorgou a D. Miguel Ángel Lomba Fernández a licenza de parcelación solicitada.

Visto que D. Miguel Ángel Lomba Fernández formalizou na escritura pública de “segregación e cesión a viais”, outorgada o 24/11/2016 perante a notaría de Noia D^a. Ana Belén Pérez Brey e anotada co nº 1.153 do seu protocolo, a cesión e entrega gratuíta ao Concello de Porto do Son da denominada “parcela 2”, que se corresponde coa formalizada no documento administrativo de data 08/11/2016 e que se describe como segue:

“Parcela 2, terreo a viais. Ten unha extensión superficial de cincuenta e un metros cadrados (51 m²). Linda: Norte, estrada; Sur, con resto de finca matriz e con parcela segregada; Leste, herdeiros de Juan Ramón Fernández Ferreiro; e Oeste, herdeiros de Gerardo Blanco.

Valor da finca segregada: cincuenta euros (50,00 €)”.

Considerando o establecido nos arts. 24 e 150 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia sobre réxime xurídico do solo rústico e parcelación de terreos, respectivamente.

ACORDA:

PRIMEIRO.- Aceptar a cesión gratuíta da superficie de solo denominada “Parcela 2” formalizada por D. M** na escritura pública de “segregación e cesión a viais”, outorgada o 24/11/2016 perante a notaría de Noia D^a. Ana Belén Pérez Brey e anotada co nº 1.153 do seu protocolo.

SEGUNDO.- Notificar este acordo ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicable.

3. REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA.

3.1) EXECUCIÓN FORZOSA DE EXPEDIENTE DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA.

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

“ANTECEDENTES

Primeiro.- O 03/02/2012 a Xunta de Goberno Local resolveu o expediente de reposición da legalidade urbanística iniciado contra D. J** o 15/12/2011 pola construción dunha piscina sen dispor da preceptiva licenza municipal no lugar de Caveiro – Noal, ordenando a demolición do construído e outorgando ao interesado o prazo de dous meses para solicitar a pertinente licenza de demolición.

Así mesmo, advertíase que en caso de incumprimento do ordenado a Xunta de Goberno Local procedería á execución subsidiaria ou á execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas, consonte ao previsto no art. 209.5 LOUG.

Segundo.- O 28/03/2012 D. J** presentou un recurso de reposición contra o acordo da Xunta de Goberno Local do 03/02/2012, que foi resolto mediante o decreto da Alcaldía núm. 237/2012, do 23 de abril, acordando a súa desestimación e confirmando a resolución recorrida. A citada resolución foille notificada o 17/05/2012.



Terceiro.- A Xunta de Goberno Local, diante da inactividade do interesado, na súa sesión do 02/08/2012 acordou apercibir expresamente ao Sr. A** da imposición de multas coercitivas, outorgándolle un prazo de dez días para dar cumprimento á resolución da Xunta de Goberno Local do 03/02/2012.

Contra o decreto da Alcaldía núm. 237/2012, do 23 de abril, e contra o acordo da Xunta de Goberno Local do 02/08/2012 D. J** presentou senllos recursos contencioso- administrativos, que deron lugar aos procedementos ordinarios 187/2012 e 276/2012 e que se acumularon no citado en primeiro lugar.

O Xulgado do Contencioso- Administrativo nº 1 da Coruña ditou sentenza o 24/04/2014 desestimando o recurso interposto e confirmou as resolucións recorridas. Contra esa sentenza formulou recurso de apelación o Sr. A**, que foi desestimado por sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia dada o 11/12/2014, séndolle comunicada ao Concello de Porto do Son a firmeza da sentenza primeira o 28/01/2015.

Cuarto.- A Xunta de Goberno Local, en data 13/02/2015 acordou *“Requirir a D. J**, outorgándolle un prazo dun mes, para que proceda a cumprir o ordenado na resolución da Xunta de Goberno Local do 03/02/2012, advertíndoo expresamente de que para o caso de non facelo o Concello de Porto do Son procederá á execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas reiterables mensualmente en contías de 1.000 a 10.000 euros”*.

Quinto.- En data 29/10/2015, a Xunta de Goberno Local outorgoulle a D. J** a licenza municipal que solicitara para a demolición da piscina existente no lugar de Caveiro – Noal, que lle fora ordenada por acordo da Xunta de Goberno Local do 03/02/2012, confirmado por decreto da Alcaldía núm. 237/2012, do 23 de abril, e posteriormente polas sentenzas citadas no antecedente 3º.

Sexto.- Os servizos técnicos municipais emitiron informe o 14/09/2016 indicando: *“Xirada visita de inspección en data 14 de setembro de 2016, tal como se pode ver nas fotografías que se aportan, non se levou a cabo a demolición da piscina ordenada a D. J**”*. Inclúense no informe fotografías acreditativas da existencia da piscina.

Á vista do informe citado, a Xunta de Goberno Local, na sesión do 05/10/2016, acordou impoñerlle a D. J** unha multa coercitiva polo incumprimento da orde de reposición da legalidade urbanística dada por aquel órgano o 03/02/2012. Así mesmo, advertíase ao obrigado da imposición de sucesivas multas coercitivas mensuais, en contía de 1.000 a 10.000 euros, de persistir o incumprimento.

O anterior acordo foi notificado ao interesado o 27/10/2016.

Sétimo.- Os servizos técnicos municipais emitiron informe o 30/01/2017 indicando: *“Xirada visita de inspección en data 13 de xaneiro de 2017, tal como se pode ver na fotografía que se achega, non se levou a cabo a demolición da piscina ordenada a D. J**”*. Inclúese no informe fotografía acreditativa da existencia da piscina.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- A Disposición Transitoria 3ª da Lei 39/2015, do 1 de outubro, reguladora do procedemento administrativo común de las Administraciones Públicas (LPAC) dispón na súa letra



d) que “os actos e resolucións pendentes de execución á entrada en vigor desta lei rexeranse para a súa execución pola normativa vixente cando se ditaron”.

Segundo.- O art. 209.6 LOUG establece que “en caso de incumprimento da orde de demolición, a Administración municipal procederá á execución subsidiaria da mesma ou á execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas, reiterables mensualmente ata lograr a execución polo suxeito obrigado, en contía de 1.000 a 10.000 euros cada unha”.

No presente suposto, existindo senllos actos administrativos firmes e definitivos, confirmados polos órganos xurisdicionais competentes, que ordenan a D. J** a demolición da piscina construída sen dispor da preceptiva licenza municipal no lugar de Caveiro – Noal, resulta plenamente acreditada unha manifesta e deliberada vontade de incumprimento do ordenado pola Administración, que se materializa no mantemento da construción declarada ilegal a pesares de serlle imposta unha multa coercitiva.

En consecuencia, estímase conveniente e necesario para facer cumprir as resolucións administrativas que obrigan á reposición da legalidade urbanística, acudir aos medios de execución forzosa legalmente previstos.

Visto canto antecede, **RESOLVE:**

PRIMEIRO.- Impor a D. J** unha segunda multa coercitiva por importe de 2.000,00 euros polo incumprimento reiterado da orde de reposición da legalidade urbanística dada pola Xunta de Goberno Local o 03/02/2012, en relación coa construción dunha piscina sen dispor da preceptiva licenza urbanística no lugar de Caveiro – Noal, na parcela con referencia catastral 000202700NH03A0001HH.

En caso de incumprimento da obriga de reposición da legalidade, procederáse á imposición de sucesivas multas coercitivas cunha periodicidade mensual, en contía de 1.000 a 10.000 euros.

Así mesmo, de persistir o incumprimento, darase traslado á Fiscalía ou ao Xulgado de Instrución competente pola posible comisión dun delito de desobediencia grave á autoridade, do que expresamente se o apercibe.

SEGUNDO.- Notificar a presente resolución aos interesados con expresión do réxime de recursos aplicable”.

3.2) INICIO DE PROCEDEMENTO SANCIONADOR EN MATERIA DE URBANISMO.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

“ANTECEDENTES

Primeiro.- O 03/02/2012 a Xunta de Goberno Local resolveu o expediente de reposición da legalidade urbanística iniciado contra D. J** o 15/12/2011 pola construción dunha piscina sen dispor da preceptiva licenza municipal e sen respectar as distancias mínimas de separación a lindeiros no lugar de Caveiro – Noal, ordenando a demolición do construído e outorgando ao interesado o prazo de dous meses para solicitar a pertinente licenza de demolición.



Segundo.- O 28/03/2012 D. J** presentou un recurso de reposición contra o acordo da Xunta de Goberno Local do 03/02/2012, que foi resolto mediante o decreto da Alcaldía núm. 237/2012, do 23 de abril, acordando a súa desestimación e confirmando a resolución recorrida. A citada resolución foille notificada o 17/05/2012.

Terceiro.- A Xunta de Goberno Local, diante da inactividade do interesado, na súa sesión do 02/08/2012 acordou apercibir expresamente ao Sr. A** da imposición de multas coercitivas, outorgándolle un prazo de dez días para dar cumprimento á resolución da Xunta de Goberno Local do 03/02/2012.

Cuarto.- Contra o decreto da Alcaldía núm. 237/2012, do 23 de abril, e contra o acordo da Xunta de Goberno Local do 02/08/2012 D. J** presentou senllos recursos contencioso- administrativos, que deron lugar aos procedementos ordinarios 187/2012 e 276/2012 e que se acumularon no citado en primeiro lugar.

O Xulgado do Contencioso- Administrativo nº 1 da Coruña ditou sentenza o 24/04/2014 desestimando o recurso interposto e confirmou as resolucións recorridas. Contra esa sentenza formulou recurso de apelación o Sr. A**, que foi desestimado por sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia dada o 11/12/2014, séndolle comunicada ao Concello de Porto do Son a firmeza da sentenza primeira o 28/01/2015.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- Os feitos que deron lugar á orde firme de reposición da legalidade urbanística, consistentes na construción dunha piscina sen dispor da preceptiva licenza municipal e sen respectar as distancias mínimas de separación a lindeiros, poden ser constitutivos dunha infracción urbanística grave tipificada no art. 217.3 a) da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG), segundo o cal:

“3. Son infraccións graves:

a) As accións e omisións que constitúan incumprimento das normas relativas a parcelacións, aproveitamento urbanístico, uso do solo, altura e número de plantas, superficie e volume máximo edificables, emprazamento das edificacións, distancias mínimas de separación a lindes e outros elementos e ocupación permitida da superficie das parcelas ou de habitabilidade das vivendas, cando non teña carácter de moi graves”.

De feito, no acordo da Xunta de Goberno Local do 03/02/2012 polo que se resolvía o procedemento de reposición da legalidade urbanística xa se indicaba expresamente a tipificación sinalada.

Segundo.- O art. 220.1 b) LOUG establece que serán sancionadas *“b) As infraccións urbanísticas graves, con multa de 6.001 a 60.000 euros e como mínimo o 20 por cento do valor da obra, terreos, exceso de edificación ou actuación realizada”.*

Dispón o apdo. 2 do art. 220 LOUG que *“para graduar as multas atenderase primordialmente á gravidade da materia, á entidade económica dos feitos constitutivos da infracción, á súa reiteración por parte da persoa responsable e ao grao de culpabilidade de cada un dos infractores.*



Considerarase como circunstancia atenuante a paralización das obras ou o cese na actividade ou uso, de modo voluntario, tras a inspección e a pertinente advertencia por axente da autoridade, e como circunstancia agravante o incumprimento dos requirimentos efectuados pola administración para a paralización das obras e a restauración da orde urbanística, a obstrución á función inspectora e aquelas outras que se determinen regulamentariamente”.

Cando concorra algunha circunstancia agravante, a sanción imporase sempre en contía superior á terceira parte do seu máximo e, no caso de concorrer algunha circunstancia atenuante e ningunha agravante, imporase na súa contía mínima (art. 220.3 LOUG).

Doutro lado, o art. 220.4 LOUG dispón que o responsable da infracción terá dereito a unha redución do 80 por cento da multa que deba imporse cando repoña por si mesmo a realidade física alterada antes da resolución do procedemento sancionador.

A comisión da infracción urbanística non poderá supor un beneficio económico para o infractor, de xeito que cando a suma da sanción imposta e do custo das actuacións de reposición dos bens ao seu estado primitivo arroxen unha cifra inferior a aquel beneficio, a contía da multa incrementarase ata acadar o seu montante (art. 220.5 LOUG).

Terceiro.- De acordo co previsto no art. 219.1 LOUG, nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións, terán a consideración de responsables as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

Visto canto antecede, **RESOLVE:**

PRIMEIRO.- Iniciar un procedemento sancionar pola presunta comisión dunha infracción urbanística grave tipificada no art. 217.3 a) LOUG.

SEGUNDO.- De conformidade co establecido no art. 223 LOUG comunícase ao interesado:

1. **Responsable da infracción:** D. J**.
2. **Feitos que motivan o inicio do procedemento:** construción dunha piscina no lugar de Caveiro – Noal, na parcela con referencia catastral 000202700NH03A0001HH, sen dispor da preceptiva licenza municipal e sen respectar a distancia mínima de 3 metros de separación a lindeiros.
3. **Norma infrinxida:** art. 177 das Normas Subsidiarias do Planeamento de Porto do Son: “*Recuados: - A lindeiros: 3,00 m (poderán autorizarse edificacións adosadas a paramentos cegos de edificacións existentes)*”.
4. **Cualificación da infracción:** infracción grave [art. 220.3 a) LOUG: 3. *Son infraccións graves: a) As accións e omisións que constitúan incumprimento das normas relativas a parcelacións, aproveitamento urbanístico, uso do solo, altura e número de plantas, superficie e volume máximo edificables, emprazamento das edificacións, distancias mínimas de separación a lindes e outros elementos e ocupación permitida da superficie das parcelas ou de habitabilidade das vivendas, cando non teña carácter de moi graves*”.
5. **Sanción:** multa de entre 6.001 euros a 60.000 euros e como mínimo o 20 por cento do valor da obra [art. 220.1 b) LOUG].
6. **Instrutor do procedemento:** D. J**, secretario do concello, que poderá ser recusados de conformidade co disposto no artigo 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.



7. **Órgano competente para resolver:** Xunta de Goberno Local (art. 23.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e decreto da Alcaldía núm. 406/2015, do 18 de xuño).

TERCEIRO.- Notificar este acorddo ao presunto responsable e outorgarlle un prazo de 15 días hábiles para formular alegacións e achegar os documentos e información que estimen convenientes ao seu dereito, así como propor a práctica das probas que consideren oportunas.

CUARTO.- Comunicar ao presunto responsable o seguinte:

- Poderá recoñecer voluntariamente a súa responsabilidade, resolvéndose o procedemento cos efectos previstos no art. 85 da Lei 39/2015, do 2 de outubro, reguladora do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.
- Terá dereito a unha redución do 80 por cento da multa que deba imporse en caso de que repoña por si mesmo a realidade física alterada antes da resolución do procedemento sancionador.

QUINTO.- Comunicar este acordo ao instrutor do proceemento, dándolle traslado de cantas actuacións existan ao respecto.”

3.3) INICIO DE PROCEDEMENTO PARA A DECLARACIÓN DE INEFICACIA DE COMUNICACIÓN PREVIA DE ACTIVIDADE.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

“Vista a comunicación previa de inicio de actividade presentada por D^a. M**o 09/06/2016 (r.e. núm. 3698) para desenvolver a actividade de “**taller mecánico**” na parcela situada no lugar de Foloña, 1 – Nebra, coa referencia catastral 002301700NH03A0001TH. Xunto coa comunicación previa achegaba a seguinte documentación: memoria da actividade e declaración do arquitecto redactor do proxecto indicando que cumpre con todos os requisitos técnicos e administrativos de aplicación; autorización de Augas de Galicia para as obras de adecuación de local para taller mecánico; estudo acústico; copia da comunicación previa de obra de adecuación; e proxecto das obras comunicadas.

Visto que, con anterioridade á presentación da comunicación previa de inicio de actividade, os servizos técnicos municipais emitiran informe o 26/05/2016 sobre as obras de adecuación de local que se estaban a executar indicando, en síntese:

- As obras realizadas non se axustan e exceden das descritas na comunicación previa presentada, que unicamente comprendía a substitución da soleira, substitución da cuberta de fibrocemento por paneis “sandwich” instalados sobre a estrutura existente, instalación eléctrica, reforma de aseo, adecuación da instalación de auga, pintado de paredes e colocación dunha arqueta separadora de graxas e dun extintor.
- As obras levadas a cabo encadraríanse no apdo. 2 a) do art. 194 LOUG, polo que serían obxecto de licenza e non de comunicación previa.
- As obras executadas non serían legalizables, xa que o art. 177 das Normas Subsidiarias do Planeamento dispoñen que as novas edificacións deberán recuarse dos lindeiros un mínimo de 3 metros e neste caso a nova parede levantada no linde leste non garda ese recuado.



Considerando que o art. 26.1 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECE) dispón que *“a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento en que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales motivos”*.

Considerando que o art. 17.2 a) do Decreto 144/2016, do 22 de setembro, aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos (RA) aclara que se entenderá por *“inexactitude de carácter esencial” a “falta de correspondencia coa realidade do contido de calquera dato, manifestación ou documento que se presentase ou incorporase á comunicación previa, sempre que as características reais da actividade ou do establecemento non se axusten aos requisitos legais aos que estivese sometida a actividade ou o establecemento e non exista falsidade de carácter esencial de acordo co previsto no apartado seguinte”*.

Considerando que a comunicación previa de inicio de actividade se presentou incorporando a mesma memoria explicativa e proxecto técnico da actividade presentados coa comunicación previa de obra de adecuación de local, sen recoller as modificacións na execución das obras realizadas e acreditadas polo informe técnico municipal do 26/06/2015. Así mesmo, tampouco consta que a promotora da actividade solicitase o título de natureza urbanística necesario para adecuar á legalidade as obras realizadas a maiores sobre as comunicadas o 25/04/2015, polo que estes feitos poderían cualificarse como unha *“inexactitude de carácter esencial”* da comunicación previa de inicio da actividade.

Visto canto antecede, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Iniciar o procedemento para a declaración de ineficacia da comunicación previa de inicio de actividade presentada por D^a. M** o 09/06/2016 (r.e. núm. 3698) para desenvolver a actividade de **“taller mecánico”** na parcela situada no lugar de Foloña, 1 – Nebra, coa referencia catastral 002301700NH03A0001TH, por incorrer en inexactitude de carácter esencial.

Se a causa de ineficacia fose subsanable, no trámite de audiencia outorgaráselle ao titular da actividade un prazo de emenda dos incumprimentos ou deficiencias, agás nos supostos previstos no art. 18 RA. De emendarse a irregularidade no prazo outorgado ou de acreditar tal emenda no trámite de audiencia, o procedemento sobreterase.

SEGUNDO.- Notificar este acordo aos interesados e outorgarles un prazo para alegacións de 15 días hábiles, a contar desde o seguinte ao de notificación deste acordo, para que poidan alegar e presentar cantos documentos e xustificacións estimen convenientes ao seu dereito.

4. ASISTENCIA PERMANENTE AO ALCALDE NO EXERCICIO DAS SÚAS ATRIBUCIÓNNS.

A Xunta de Goberno Local, en uso da competencia conferida polos artigos 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 52, 53 e 46 do Real Decreto 2568/1986, de



CONCELLO DE PORTO DO SON

Rúa Atalaia s/n. 15970
Porto do Son (A Coruña)
CIF: P1507200B
Tfno: 981-867412
Fax: 981-767358

28 de novembro que aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais (ROF) , segundo os cales lle correspóndelle á Xunta de Goberno Local como atribución propia e indelegable a asistencia ao Alcalde no exercicio das súas atribucións aparte das atribucións que o Alcalde ou outro órgano municipal lle poidan delegar; procede a prestar a asistencia ao Alcalde- Presidente no exercicio das súas atribucións, sendo informada neste momento de todas as decisións de goberno do Alcalde- Presidente dende a anterior Xunta de Goberno Local.

E non habendo máis asuntos que tratar, de orde da Alcaldía- Presidencia, levántase a sesión, sendo as **11:20 horas**, do día **2 de febreiro de 2017**, de todo o que se estende a presente acta da que eu, como secretario, dou fe.

O ALCALDE- PRESIDENTE,

O SECRETARIO,

Asdo. José Luis Oujo Pouso.

Asdo. José Manuel González García